*Anuncio do 18 de agosto de 2008, da Dirección Xeral de Desenvolvemento Sostible, polo que se fai pública a Decisión do 14 de agosto de 2008 de non someter o Plan especial de creación de solo urbanizable con destino á construción de equipamentos públicos, concello de Gomesende (Ourense), ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica establecido na Lei 9/2006, do 28 de abril, sobre avaliación dos efectos de determinados plans e programas no ambiente.*

En cumprimento do disposto no artigo 4 da Lei 9/2006, do 28 de abril, de avaliación dos efectos de determinados plans e programas no ambiente, faise pública a decisión de non someter o Plan especial de creación de solo urbanizable con destino á construción de equipamentos públicos, concello de Gomesende (Ourense), ao procedemento establecido no seu artigo 7.

Esta decisión pódese consultar na Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible no seguinte enderezo da internet: http://aae.medioambiente.xunta.es/.

Santiago de Compostela, 18 de agosto de 2008.

Emilio M. Fernández Suárez
Director xeral de Desenvolvemento Sostible

## EMPRESA PÚBLICA DE SERVIZOS AGRARIOS GALEGOS, S.A.

*Anuncio polo que se fai pública a convocatoria e bases específicas para o ingreso na lista previa na categoría profesional de auxiliar administrativo, de persoal temporal desta empresa pública.*

O director-xerente da *Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos, S.A.* (Seaga), en virtude das competencias atribuídas polo Consello de Administración, anuncia a aprobación da convocatoria e bases específicas para o ingreso na lista previa na categoría profesional de auxiliar administrativo, de persoal temporal, derivada das bases xerais aprobadas por resolución do Consello de Administración en sesión que tivo lugar o 12 de novembro de 2007.

As bases están expostas na sede da *Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos, S.A.* (Seaga), sita no polígono industrial do Tambre, vía Marconi, nº 14, C.P. 15890 Santiago de Compostela, e na páxina web de Seaga (www.epseaga.com).

Santiago de Compostela, 19 de setembro de 2008.

Xan Bautista Cambón Rodríguez
Director-xerente da *Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos, S.A.*

## UNIVERSIDADE DA CORUÑA

*Resolución do 17 de setembro de 2008 pola que se anuncian as seguintes contratacións polo procedemento aberto.*

1. Entidade adxudicadora.

a) Organismo: Universidade da Coruña.

b) Dependencia que tramita o expediente: Servizo de Patrimonio, Inventario e Xestión Económica.

2. Obxecto da contratación.

* Subministracións:

-Número de expediente: 2008/1015.

Descrición do obxecto: equipamento para o CIT.

Lote 1: unidade de cromatografía líquida con detectores de rede de fotodiodos e electroquímico.

Lote 2: mini-extrusora.

División por lotes e número: si, 2.

Lugar de execución: Universidade da Coruña. CIT.

Prazo de execución (meses): 1 mes.

Tramitación: urxente.

Orzamento base de licitación. Importe total: 190.000 €.

Lote 1: 60.000 €.

Lote 2: 130.000 €.

Garantía provisional: non se exixe.

Garantía definitiva: 5% do importe de adxudicación, IVE excluído.

Solvencia económica e financeira e solvencia técnica: requírese a que se especifica no prego de cláusulas administrativas particulares.

-Número de expediente: 2008/1016.

Descrición do obxecto: sistema de análise de imaxe para estudo *in vivo* a nivel celular e molecular.

División por lotes e número: non.

Lugar de execución: Universidade da Coruña. Departamento de Medicina.

Prazo de execución (meses): 2 meses.

Tramitación: urxente.

Orzamento base de licitación. Importe total: 175.000 €.

Garantía provisional: non se exixe.

Garantía definitiva: 5% do importe de adxudicación, IVE excluído.

Solvencia económica e financeira e solvencia técnica: requírese a que se especifica no prego de cláusulas administrativas particulares.

-Número de expediente: 2008/1018 .

Descrición do obxecto: subministración de títulos universitarios oficiais e o seu suplemento europeo (SET).

División por lotes e número: non.

Lugar de execución: Universidade da Coruña.

Prazo de entrega de exemplares personalizados: 45 días desde a entrega das ordes de traballo.

Tramitación: urxente.

Orzamento base de licitación:

Prezo unitario por título oficial: 19,15 euros.

Prezo unitario por suplemento europeo ao título: 6,63 euros.

Prezo unitario por dilixencia adicional: 1,06 euros.

Garantía provisional: non se exixe.

Garantía definitiva: 5.125,80 € (5% do importe previsto do contrato, IVE excluído).

Solvencia económica e financeira e solvencia técnica: requírese a que se especifica no prego de cláusulas administrativas particulares.

* Obras:

-Número de expediente: 2008/3006.

Descrición do obxecto: ampliación de oficinas no primeiro andar da escola técnica superior de enxeñeiros de camiños, aanais e portos.

División por lotes e número: non.

Lugar de execución: E.T.S. enxeñeiros de camiños, canais e portos.

Prazo de execución (meses): 4 meses.

Tramitación: urxente.

Orzamento base de licitación. Importe total: 145.800,47 €.

Garantía provisional: non se exixe.

Garantía definitiva: 5% do importe de adxudicación, IVE excluído.

Clasificación (grupos, subgrupos e categoría): non se exixe.

Solvencia económica e financeira e solvencia técnica: requírese a que se especifica no prego de cláusulas administrativas particulares.

* Servizos:

-Número de expediente: 2008/2006.

Descrición del obxecto: mantemento de equipamentos de microinformática da Universidade da Coruña.

División por lotes e número: non.

Lugar de execución: Universidade da Coruña.

Tempo de resposta máximo: 4 horas.

Tempo de resolución máximo: día seguinte laborable.

Tramitación: urxente.

Orzamento base de licitación: prezo unitario.

Garantía provisional: non se exixe.

Garantía definitiva: 1.293,10 € (5% do importe previsto do contrato, IVE excluído).

Clasificación (grupos, subgrupos e categoría): non se exixe.

Solvencia económica e financeira e solvencia técnica: requírese a que se especifica no prego de cláusulas administrativas particulares.

3. Obtención de documentación e información.

Os pregos de cláusulas administrativas particulares, os proxectos, as prescricións técnicas e demais documentación complementaria estarán á disposición dos licitadores durante o prazo de presentación de proposicións:

-No enderezo web: www.udc.es/contratacionadministrativa.

-No Servizo de Patrimonio, Inventario e Xestión Económica, de luns a venres e das 9.00 ás 14.00 horas, sito en:

Reitoría da Universidade da Coruña. R/ Maestranza, nº 9, 1º andar, 15001 A Coruña. Teléfono: (+34) 981 16 70 00 (extensións 1118, 1038), fax: + 34 981 16 70 20.

Correo electrónico: seccion.contratacion@udc.es.

4. Presentación das proposicións.

a) Data límite de presentación: antes das 14.00 horas do décimo terceiro día natural que conta a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución reitoral no *Diario Oficial de Galicia* para o expediente 2008/3006.

Antes das 14.00 horas do oitavo día natural que conta a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución reitoral no *Diario Oficial de Galicia* para os expedientes: 2008/1015; 2008/1016; 2008/1018; 2008/2006.

b) Documentación que hai que presentar: a que figura no prego de cláusulas administrativas particulares.

c) Lugar de presentación: no rexistro xeral da Universidade da Coruña, sito na Reitoría, r/ Maestranza, nº 9, 15001 A Coruña.

d) Admisión de variantes: especifícase no prego de cláusulas administrativas particulares.

5. Apertura das proposicións.

A mesa de contratación comunicará, a través do perfil do contratante, o lugar, o día e a hora en que terá lugar a sesión pública, e convocará os licitadores, mediante notificación, remitida vía fax.

6. Criterios de valoración e ponderación: os que figuran no prego de cláusulas administrativas particulares.

7. Gastos de anuncios: serán por conta das empresas adxudicatarias a rateo.

A Coruña, 17 de setembro de 2008.

P.D. (Resolución reitoral 3-2-2004)
Manuel Galdo Pérez
Xerente da Universidade da Coruña